Un conto sobre como superar os medos, ilustrado dun xeito fascinante

Escrito pola psicóloga infantil e recoñecida autora brasileira Claudia Souza e ilustrado marabillosamente por Ionit Zilberman con páxinas que semellan cobrar vida.

TEXTO CONTRACAPA

Póñenche medo as cobras? E os tiburóns? E que me dis da escuridade, ou das alturas, ou dos sitios pechados? Eu non lle teño medo a ningunha destas cousas, pero o que si me estarrecen son os crocodilos que viven neste libro. Ti teslles medo aos crocodilos? Neste conto asexan dous enormes. Son os animais máis arrepiantes do mundo.

ARGUMENTO

O protagonista do conto ten medo aos crocodilos e dous deles, enormes, asexan dende dentro do mesmo libro. A el non lle pon medo case nada, nin a escuridade, nin os tiburóns, nin os sitios pechados ou solitarios... Só teme os crocodilos. Pero axiña descubrirá que as persoas somos máis fortes e meirandes ca os nosos temores, e que este medo que el sente, axiña marchará.

CLAVES PARA A LECTURA

O medo está presente na infancia de todas as persoas... Ese medo que asusta mais tamén fascina. Un pode poñerlle medo a calquera cousa.

A que lle temos medo? Como enfrontarse a ese medo? Podemos espantalo? Tamén iremos descubrindo que esas cousas que nun principio nos dan medo, axiña tornarán en insignificantes.

As ilustracións, pola súa banda, resultan fascinantes: parece que queren fuxir do papel e converterse nunha fantástica película de animación.



➲ **Idade de interese: +3** ➲ **Nivel de lectura: +5**

Claudia Souza naceu no Brasil e vive en Milán. É psicóloga infantil e non foi ata chegar a ser un chisco maior que se atreveu a escribir libros infantís. Moitos deles xa están traducidos a varios idiomas. Este conto é o primeiro dela traducido ao galego.

Ionit Zilberman naceu en Tel Aviv (Israel) e vive en São Paulo (Brasil). Estudou Belas Artes e traballa como ilustradora de revistas e libros infantís. Publicou máis de vinte contos.

Claudia Souza

Ionit Zilberman

Traducido por Quique Alvarellos. Supervisado por María Reimóndez
FICHA TÉCNICA 32 pp. 21 x 25 cm. PVP: 16 €
ISBN GAL: 978-84-18567-47-6 ISBN ESP: 978-84-18567-48-3
Capa dura. Cosido con fío vexetal. Impreso en papel ecolóxico.
EDITORA alvarellos
correo@alvarelloseditora.gal
981 522 137